

Anexo I (DO):

**PLAN XERAL DE
ATENCIÓN
Á DIVERSIDADE**

CEIP. LABARTA POSE

CURSO: 2019/2020

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN

1.1. MARCO LEGAL

2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

3. PROCEDEMENTO XERAL PARA A IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

4. OBXECTIVOS

4.1. OBXECTIVO XERAL

4.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

5. ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

5.1. MEDIDAS DE ACTUACIÓN

5.1.1. MEDIDAS ORDINARIAS

5.1.2. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

5.2. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓNS DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

5.2.1. PROCEDEMENTO A SEGUIR PARA SOLICITAR A INTERVENCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

5.2.2. PROMOCIÓN DE ALUMNOS/AS

6. DETERMINACIÓN E CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS

6.1. CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS DE APOIO

6.1.1. AVALIACIÓN INICIAL

6.1.2. CRITERIOS PRIORITARIOS

6.1.3. INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS

6.1.4. COORDINACIÓN, SEGUIMENTO E AVALIACIÓN

6.2. CRITERIOS PARA A TOMA DE DECISIÓNS DE PROMOCIÓN DE CICLO OU DE ETAPA

6.2.1. EDUCACIÓN INFANTIL

6.2.2. EDUCACIÓN PRIMARIA

6.3. DOTACIÓN DE RECURSOS E ACTUACIÓNS

6.3.1. NO ÁMBITO ESCOLAR

6.3.2. NO ÁMBITO INFRAESTRUTURAL

7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

8. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO

8.1. FUNCIÓNS DO MESTRE/A TITOR/A EN RELACIÓN AO ACNEAE

8.2. FUNCIÓNS DA MESTRA DE PT EN RELACIÓN AO ACNEAE

8.3. FUNCIÓNS DO DO

9. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS E EXTERNOS AO CENTRO

10. CANLES DE COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS.

10.1. COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS.

10.2. COORDINACIÓNS EXTERNAS

11. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

11.1. AVALIACIÓN DO PLAN

11.2. INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN

11.3. PROPOSTAS DE MELLORA DO PLAN

1. INTRODUCCIÓN.

O proceso educativo da aprendizaxe, aínda que se dea nun marco social realízase de xeito individual polo cal, cada persoa constrúe as novas aprendizaxes segundo as características persoais: coñecementos previos, motivación, intereses, capacidades, ritmos de aprendizaxes e todo isto influído por outros factores tales como o entorno familiar, social e escolar. Por tanto, podemos dicir que cada neno/a é singular e, en consecuencia, así debe ser considerado á hora de planificar e poñer en marcha o proceso de ensino-aprendizaxe.

Educación na diversidade conleva asumir isto, e explotar o seu papel enriquecedor, ensinando a cada alumn@ segundo as súas características, establecer os mecanismos e usar os recursos que permitan o acceso ó currículo á totalidade do alumnado, dar as respostas educativas que compensen as desigualdades derivadas das circunstancias individuais, pensar nun currículo aberto, recoñecer e valorar as

distintas culturas e orixes, implicar a toda a comunidade, poñer a disposición do alumnado todos os medios posibles, rexerse polos principios de integración, normalización e inclusión.

En consecuencia, a atención á diversidade debe contemplar actuacións para a totalidade do alumnado, non só para aquel con necesidades específicas de apoio educativo, e debe establecer criterios para os apoios e actuacións educativas, tendo en consideración a dotación de recursos.

A atención á diversidade dentro dun ensino comprensivo debe entenderse como o conxunto de medidas e accións educativas que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Este Plan xeral de Atención á Diversidade é o documento no que se articula a atención á diversidade. Nel concretaremos todas as *actuacións e medidas de atención á diversidade* que desenvolveremos no noso centro para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do alumnado.

O *obxectivo* deste Plan é regular a atención á diversidade do alumnado, coa finalidade de facilitar o desenvolvemento persoal e social de cada alumno e alumna e o seu potencial de aprendizaxe, facilitándolles a adquisición das competencias e a consecución dos obxectivos xerais previstos nas ensinanzas establecidas na LOE e na LOMCE.

Neste plan refírense as liñas xerais que enmarcan a atención á diversidade e a adecuación da resposta educativa ás necesidades da totalidade do seu alumnado no centro. A proposta da concreción anual deste Plan coas distintas actuacións e medidas concretas, realizarase ao comezo de cada curso, de conformidade coas necesidades do centro e os recursos dos que se dispoña.

O desenvolvemento e seguimento das medidas adoptadas será continuo e corresponderá ao equipo docente, integrado polo conxunto de profesores de cada

grupo de alumn@s e, no seu caso, polo profesorado que exerce función de apoio especializado. Contarán coa colaboración dos equipos de ciclo e o asesoramento da orientadora.

Este Plan de Atención á diversidade pasa a formar parte do Proxecto Educativo. O equipo directivo será o responsable da execución, seguimento e avaliación do plan xeral de atención á diversidade.

1.1. MARCO LEGAL.

Os conceptos fundamentais que subxacen en calquera acción orientada á atención á diversidade, deben partir do explicitado na norma fundamental do noso Sistema Educativo: a LOMCE, que asume un compromiso neste ámbito que se inicia co recollido na formulación de principios e no que se fai fincapé no seu articulado.

Así, a **LOMCE** sinala como un dos principios da educación “A flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, así como ós cambios que experimentan o alumnado e a sociedade”.

En canto se refire á ensinanza básica fai fincapé na atención á diversidade sinalando que “sen prexuízo de que ó longo da ensinanza básica se garanta unha educación común para os alumnos, adoptarase a atención á diversidade como principio fundamental. Cando tal diversidade o requira, adoptaranse as medidas organizativas e curriculares pertinentes, segundo o disposto na presente Lei.”

Referíndose á Educación Primaria,ponse de manifesto que “nesta etapa poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades”

Máis concretamente, en relación ó alumnado que requira unha atención educativa diferente da ordinaria, volve a facer fincapé na detección das dificultades e necesidades tan pronto como se produzan e no establecemento da atención temperá e as medidas de apoio e reforzo adecuadas, baseadas nos principios de normalización e inclusión, referindo que “os centros contarán coa debida

organización escolar e realizarán as adaptacións y diversificacións curriculares precisas para facilitar a todo o alumnado a consecución dos fins establecidos”.

O **Decreto 105/2014, do 4 de setembro, do Currículo de Educación Primaria** no seu artigo 15 Atención a diversidade di “A intervención educativa nesta etapa atenderán á diversidade do alumnado, é dicir centrarse nas actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe. Ademais porá énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas da aprendizaxe, polas súas capacidades intelectuais, por incorporarse tardíamente ó sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar”. Asimesmo sinala que en canto se detecten dificultades de aprendizaxe nalgún alumno/a, deberán poñerse en funcionamento as medidas de reforzo educativo (R.E.) que se consideren máis convenientes e que poderán ser tanto organizativas como curriculares.

A **Circular 18/2007 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa** establece as accións prioritarias dos servicios de orientación educativa, onde se “remarca a especial atención que, dentro da escolaridade obligatoria han de ter as medidas de atención a diversidade para, por medio da prevención das dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica dos apoios e os reforzos oportunos en tempo e forma, lograr o marco dunha escola inclusiva que acuda, segundo sexa necesario, ás medidas organizativas e/ou curriculares para asegurar o principio de equidade, sen prexuício de garantir unha educación de calidade para todo o alumnado”. Así enténdese a diversidade como unha medida que responde ás necesidades de todo o alumnado e de tódalas etapas educativas.

E finalmente, destacar o **D.229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia**. Este decreto regula a atención á diversidade, coa finalidade de facilitar o desenvolvemento persoal e social de cada alumn@ e o seu potencial de aprendizaxe, facilitándolles a adquisición das competencias e a consecución dos obxectivos xerais.

Este Plan de Atención á Diversidade réxese na súa totalidade por este decreto.

2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.

O CEIP Labarta Pose é un centro público composto por nove unidades. Tres do segundo ciclo de Educación Infantil (4º, 5º e 6º) e seis de Educación Primaria (1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º).

O Colexio está perfectamente dotado de espazos para aula e de recursos persoais e materiais. No CEIP Labarta Pose están actualmente matriculados 147 alumnos e alumnas. O número de profesorado con destino no centro, no curso actual é de 17, 4 mestras de infantil, 6 mestres/as de Educación Primaria, mestre de Relixión, mestra especialista de Educación Física, mestra especialista de Música, mestre especialista de Pedagogía terapéutica e mestra especialista de Audición e Linguaxe (itinerante, ven tres días á semana) e xefa do departamento de Orientación (itinerante, ven tres días á semana).

As familias das que proceden os nosos/as alumnos/as adícanse á agricultura, á gandería, así como tamén ao sector servizos e un grupo de profesionais liberais e autónomos. O alumnado conta con servizo de transporte escolar e servizo de comedor. O horario do centro é de 09.30 a 14.30. O comedor escolar de 14.30 a 15.30, e de 15.30 a 17.30 as actividades extraescolares.

En canto ás relacións das familias co centro, participan cunha elevada porcentaxe nas diferentes actividades que o centro organiza. O centro conta con ANPA, sendo activa a súa participación nas actividades do centro. En liñas xeras, a relación entre o alumnado, e a deste co profesorado, é boa.

A lingua dominante é o galego. Hai unha pequena porcentaxe de alumnos/as que empregan o castelán como lingua vehicular, aínda que comprenden o galego totalmente, polo que velamos polo uso do idioma galego como lingua maioritaria de relación na nosa Comunidade educativa.

Neste curso académico, 2019-2020, a Orientación atópase compartida co CEIP Plurilingüe Pepe Xan Baña, sendo o centro base da orientadora, o CEIP Labarta Pose e centro adscrito o CRA de Santa Comba . O CEIP Labarta Pose está situado na localidade de Zas que dista 27 kilómetros do CEIP Plurilingüe Pepe Xan Baña situado na localidade de Santa Comba.

3. PROCEDIMENTO XERAL PARA A IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES.

As necesidades detectaranse a través das avaliacións iniciais levadas a cabo polos mestres titores así como polas súas observacións. A partires tamén das previsións feitas a finais do curso anterior, destas avaliacións e observacións a atención educativa ao alumnado farase partindo dunha análise das necesidades co consenso do titor/a, as profesoras de PT e AL e as recomendacións da Orientadora, unha vez feita a valoración exhaustiva do alumnado.

Informarase á familia das medidas tomadas no centro respecto á detección de necesidades como das tomadas para paliar e mellorar, na medida do posible, estas necesidades, así como pedir a súa colaboración para traballar o máis coordinados posible con este alumnado, dende todos os ámbitos posibles.

O procedemento xeral para a **identificación e valoración** das necesidades do alumnado en función da súa escolarización será a seguinte:

a) Alumnos/as que se escolarizan por primeira vez.

► Educación Infantil:

- Ao comezar a súa escolarización todo o alumnado será obxecto dunha avaliación inicial na que, ademais dos aspectos previstos na Orde do 25 de xuño de 2009, se recollerá a detección de necesidades educativas especiais (Artigo 13 da Orde 27/12/02).
- O Departamento de Orientación elaborará, co asesoramento dos Equipos de Orientación Específicos, se fose necesario, os materiais precisos para que o profesorado titor leve a cabo a recollida de información que permita a avaliación.
- O Departamento de Orientación analizará os datos recollidos en dita avaliación e obterá as correspondentes conclusións.
- Naqueles casos nos que se detecten posibles necesidades específicas de apoio educativo o Departamento de Orientación poñerá en marcha o proceso de avaliación psicopedagóxica de carácter máis específico. A partires desta avaliación redactarase

o informe psicopedagógico establecido no D. 229/11 de Atención á Diversidade, art.

- Ademais destas medidas propostas na Orde 27 de decembro do 2002, no momento de efectuar a solicitude de matrícula, os pais ou titores legais cumprimentarán un cuestionario que terá como función recoller información en relación a posibles necesidades educativas e medidas extraordinarias que vai requirir o/a alumno/a durante a súa escolarización no centro. Este cuestionario será analizado polo Departamento de orientación para complementar a información que se recollerá durante o proceso de avaliación.
- Unha vez realizada a avaliación psicopedagóxica, se fose preciso, o orientador/a e o Equipo de Orientación Específico (EOE) emitirá o correspondente Ditame de Escolarización.

► **Educación Primaria:**

- Ao comezar a escolarización obrigatoria levarase a cabo, coa debida adecuación ás características do alumnado e da etapa escolar, a avaliación inicial do alumnado que se escolarice no centro, que non será preceptiva para o alumnado que xa fose obxecto desta na educación infantil. O proceso a seguir será o mesmo que o exposto no punto anterior (Ed. Infantil). Unha vez realizada esta avaliación inicial e/ou a avaliación psicopedagóxica proporanse as medidas curriculares e organizativas máis axeitadas.

b) Alumnos/as que veñen doutros centros:

- Realizaráselle unha avaliación inicial por parte do mestre/a titor/a.
- Revisarase o seu expediente académico e documentos de avaliación.
- En caso de que o alumno/a presente NEAE, pediráselle ao centro de procedencia un informe individualizado do/a alumno/a no que consten os datos máis relevantes e as medidas de atención á diversidade propostas.
- O Departamento de orientación do centro revisará o informe psicopedagógico do alumno/a (en caso de que amose NEAE e xa estivese avaliado) e propondrá, en colaboración co mestre/a titor/a, coa especialista en PT, e aqueles outros profesionais implicados, as medidas de atención á diversidade máis oportunas.

C) Alumnado que xa está escolarizado no centro:

Reflictese o procedemento xeral que vai seguir a intervención orientadora:

1. Recepción e devolución da demanda. As demandas de intervención ao Departamento virán reguladas polas seguintes condicións:

- A demanda concretarase por escrito nos protocolos de derivación existentes no Departamento, proporcionando o demandante (titor/a ou mestre/a especialista que atende ao alumno/a) a maior información respecto ao tema en cuestión.
- O Departamento estudará a demanda sobre o que se refire á coherencia da mesma constatando a petición con outros axentes educativos implicados.
- A devolución de resposta por parte do Departamento producirase en entrevista co demandante, onde quedarán explicitadas: as responsabilidades de cada axente educativo na avaliación inicial que sexa precisa e as responsabilidades no tratamento das necesidades educativas que podan presentarse.

2. Intervención psicopedagóxica ou orientadora. Unha vez acordadas as responsabilidades no proceso de intervención, levaremos a cabo a intervención, que terá polo menos as seguintes fases:

- Avaliación das necesidades educativas (avaliación psicopedagóxica se procede).
- Deseño dun programa de intervención.
- Implementación do programa de actividades.
- Avaliación do programa de actividades.

3. Avaliación da intervención. En todos os casos ao finalizar unha intervención producirase por parte do Departamento de Orientación a avaliación da mesma, co fin de retroalimentar intervencións posteriores do mesmo tipo, debéndose de recoller devanditas valoracións por escrito a fin de que quede constancia da mesma.

4. OBXECTIVOS.

4.1. OBXECTIVO XERAL:

- Contribuír ao desenvolvemento da personalidade integral dos/as alumnos/as.

4.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

1. Adecuar o desenvolvemento da acción educativa á diversidade do alumnado.

1. Establecer criterios pedagógicos que orienten a adopción de decisións respecto do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
2. Valorar as necesidades educativas dos alumno/as (dificultades e/ou trastornos de aprendizaxe, baixo rendemento escolar, sobredotación, trastornos de conduta, grupos de risco,...) e deseñar programas específicos de intervención
3. Deseñar accións encamiñadas á prevención de problemas de desenvolvemento e/ou de aprendizaxe.
4. Contribuír á posta en práctica de pautas de actuación para mellorar a autoestima dos alumnos/as que o necesiten.
5. Optimizar o uso dos recursos do centro na procura da mellora da eficiencia e calidade dos procesos educativos.
6. Deseñar respostas educativas e planificar actuacións para a atención á diversidade e ao alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo: exploracións psicopedagógicas, apoios, reforzos educativos, etc.
7. Organizar a atención dos alumnos/as con necesidades educativas especiais.
8. Coordinar, apoiar e ofrecer soporte técnico ás actividades de orientación e tutoría. Fomentar a colaboración, o seguimento, avaliación e revisión dos Plans de Acción Titorial, como instrumento dunha educación de calidade. Deseñando, dentro do Plan de Acción Titorial, programas e accións que incidan na aprendizaxe dos valores propios dunha sociedade participativa e democrática favorecedores dun clima de convivencia e de respecto entre as persoas e as culturas.
9. Contribuír a que os alumnos/as adquiren hábitos de estudio e traballo.
10. Facilitar á comunidade educativa os apoios e o asesoramento necesarios para que os alumnos/as estean en todo momento integrados no centro. Presentarase especial atención aos períodos escolares de maior dificultade (conflitos de relación interpersoal, ingreso no centro e cambio de ciclo).
11. Participar no seguimento do P.E. incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagógico para a atención á diversidade e, cando sexa necesario, na adecuación dos criterios de promoción.
12. Elaborar material específico para as medidas de atención á diversidade.
13. Fomentar charlas para a orientación dos pais/nais.

14. Atender a aqueles alumnos/as de outros países, que por non coñecer as linguas oficiais (galego e castelá) da nosa comunidade autónoma, teñen dificultades para desenvolverse, facilitando a súa integración no centro.
15. Adquirir as catro destrezas (comprensión auditiva, lectora, oral e escrita) que conforman a competencia educativa para lograr unha aprendizaxe completa das dúas linguas.
16. Recopilar e elaborar material curricular para facilitar o labor dos titores/as na atención de todo o alumnado.
17. Coordinación con institucións e organismos externos ó centro.
18. Contribuír á colaboración entre o Departamento e o IES ao que se encontra adscrito.

5. ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN A DIVERSIDADE.

5.1. MEDIDAS DE ACTUACIÓN:

No marco das actuacións destinadas a adecuar a resposta educativa á diversidade que escolariza este centro teranse en conta as medidas que serán de tipo curricular e/ou organizativas e medidas ordinarias e/ou extraordinarias:

5.1.1. Medidas ordinarias:

As medidas ordinarias teñen a finalidade de facilitar a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteración dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural do centro educativo e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, estando destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas. (art.8, D.229/2011)

Dentro das medidas ordinarias incluírase:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.

- **RE sen apoio:** É o apoio que o propio profesorado deseña e aplica con aqueles alumnos e alumnas que teñen certas dificultades de seguimento da programación diaria, ben por exceso ou por defecto: adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación, traballos específicos de recuperación, traballos de ampliación... .

- **Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria:** É unha medida de atención a diversidade de tipo organizativo contemplada coma medida de atención ao alumnado con dificultades na aprendizaxe e atendidos por profesorado ordinario con horario libre. O horario destes apoios será determinado polo Xefe de Estudos en coordinación co xefe do D.O. en función do profesorado con horario libre e tratando de respectar a máxima de que o profesorado apoie, na medida do posible, dentro do seu ciclo.

Estes apoios, que deben ter un carácter flexible e específico, deberán deseñarse nos comezos de cada curso, en función das dispoñibilidades do profesorado.

- **Desdoblamento de grupos:** Consiste na separación dun grupo en dous novos grupos, para desenvolver algunhas actividades con distinto agrupamento. Debe levar aparellada o cambio de estratexia metodolóxica nos momentos de desdobre.

Pódese aplicar por exemplo: no caso de que un mestre atenda a un grupo reducido que precisa reforzo ou ampliación e o outro mestre atende aos demais; no caso de idiomas, para realizar unha interacción oral entre todos os alumnos e alumnas; ou no laboratorio, onde a actividade práctica e os espazos impiden a participación de toda a clase á vez.

- **Programas de enriquecemento curricular:** Son aqueles programas dirixidos ao alumnado con altas capacidades intelectuais, co obxectivo de facer posible o desenvolvemento da creatividade nestes alumnos. Estes programas han de contemplar modificacións das estratexias de ensino, selección de contidos con maior grado de dificultade, actividades de ampliación e de libre elección, adecuación e diversificación de recursos e materiais, organización flexible dentro da aula e modificacións na avaliación para aquelas áreas ou materias que teñan sido obxecto de adaptación.

- **Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas:** Teñen como finalidade asegurar as aprendizaxes básicas, das áreas instrumentais, en calquera momento do curso en que se detecten dificultades de aprendizaxe nestas materias. O obxectivo principal é evitar a non promoción do alumnado.

Estes programas constarán de actividades motivadoras que buscan alternativas ao programa curricular das materias instrumentais. Estas actividades deben responder aos intereses do alumnado e á conexión co seu entorno social e cultural. Entre estas, considéranse actividades que favorezan a expresión e comunicación oral e escrita, tales como a realización de teatros, xornais escolares, así como o dominio da competencia matemática, a través da resolución de problemas cotiáns.

- **Programas de recuperación:** Destinado ao alumnado que promocioe sen superar todas as áreas ou materias para conseguir a recuperación das aprendizaxes non adquiridas, debendo superar a avaliación correspondente a dito programa.

- **Programas específicos personalizados:** Destinados para o alumnado que non promocioe curso. Este plan específico estará orientado á superación das dificultades detectadas no curso anterior.

- **Programas de habilidades sociais:** O departamento de orientación do centro elaborará un programa de habilidades sociais dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas.

Así mesmo, elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais para aqueles alumnos que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras previstas nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (RRI), se vexan temporalmente privados do seu dereito de asistencia ao centro. Estes programas aplicaranse en colaboración co profesorado titor e, de ser o caso, cos servizos sociais, procurando implicar ao resto do profesorado e ás familias.

- **Programa da estimulación da linguaxe oral para a Educación infantil** como medida preventiva ante as dificultades da linguaxe.

- **Aulas de atención educativa e convivencia así como actuacións destinadas á mellora da convivencia:** Entendemos por Aula de Convivencia un espazo de

reflexión que aproveita o potencial educativo do conflito do que poden desprenderse consecuencias positivas como: aprender a tomar decisións e a actuar, desenvolver a creatividade e a habilidade para buscar solucións, estimular o pensamento reflexivo, aprender a afrontar a realidade e a recuperarse da adversidade, etc.

Trátase dunha atención personalizada que realiza un profesor/a para axudar e orientar o compromiso do/a alumno/a cara a unha mellora de actitudes.

A Aula de Convivencia será habilitada para o tratamento individualizado do alumnado que, como consecuencia da imposición dunha corrección ou medida disciplinaria por algunha das condutas tipificadas nas Normas de Organización e Funcionamento do Centro (RRI), se vexa privado do seu dereito a participar no normal desenvolvemento das actividades lectivas, sen esquecer que non será só este o alumnado que asista a Aula de Convivencia. Este espazo está dirixido ademais, ao alumnado que non ten un comportamento axeitado na aula xunto ao/a mestre/a e aos/ás seus/súas compañeiros/as.

Nesta Aula de Convivencia favorecerase un proceso de reflexión por parte de cada alumno ou alumna que sexa atendido na mesma, acerca das circunstancias que motivaron a súa presenza nela, de acordo cos criterios do correspondente Departamento de Orientación, e se garantirá a realización das actividades formativas que determine o equipo docente que atende ao alumno ou alumna.

5.1.2. Medidas extraordinarias:

As medidas extraordinarias de atención á diversidade son aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou unha modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

Son medidas extraordinarias as seguintes (art. 9, do D. 229/2011, do 7 de decembro):

a) A Adaptación Curricular Significativa (ACS)

No caso da ACS (Adaptación curricular significativa), seguirase o procedemento establecido na Orde do 6 de outubro de 1995 da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria.

● **Definición:**

Entenderase por adaptacións curriculares as modificacións dun ou de máis elementos prescritivos do currículo como son os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación para atender as necesidades educativas dun alumno ou alumna motivadas tanto por unha determinada dificultade persoal como polas súas capacidades excepcionais.

O currículo de referencia de toda adaptación curricular corresponde ao curso no que estea matriculado/a o/a alumno/a:

- O referente de toda adaptación curricular serán os obxectivos xerais de etapa, concretados nas Concrecións Curriculares do Centro (programación de aula, programación didáctica da área ou materia na que se vai a levar a cabo a adaptación curricular, incluídas no P.E.) para cada curso. Os obxectivos poderán pertencer, se é o caso, a outro curso, ciclo ou etapa distinto do que curse o alumno/a obxecto de adaptación curricular.
- O currículo de referencia hai que adaptalo (currículo adaptado) eliminando, modificando ou introducindo novos elementos para adecualos a cada alumno/a, tendo en conta elementos curriculares de cursos ou incluso etapas anteriores (ou superiores no caso de altas capacidades intelectuais).
- O currículo adaptado debería estar referido a un curso, polo menos, inferior ou superior ao curso no que o/a alumno/a estea escolarizado/a.
- O currículo adaptado das diferentes áreas nas que se realice a Adaptación curricular non ten que estar referido a un mesmo nivel educativo en todas as áreas adaptadas.

Decidirase a conveniencia de elaborar unha adaptación curricular para un alumno/a determinado unha vez esgotadas outras medidas ordinarias de intervención educativa.

A elaboración e o desenvolvemento da adaptación curricular, agás casos excepcionais, levarase a cabo no contexto educativo ordinario podendo asistir a apoio de Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe un máximo de un terzo da xornada escolar (Orde do 27 de decembro do 2002).

● **Condições:**

Precisarán a autorización da inspección educativa correspondente. As condicións de realización serán as seguintes:

a) Serán elementos do currículo susceptibles de modificación os obxectivos, que poderán ser reaxustados, reducidos, suprimidos, complementados ou ampliados, se é o caso. Os contidos tamén poderán ser modificados, complementados e mesmo suprimidos ao igual que os e os criterios de avaliación, que poderán ser adaptados, complementados, modificados e mesmo suprimidos.

b) Estarán dirixidas a alumnos e alumnas que por diversas razóns educativas, sociais, culturais, por padecer déficit de calquera índole ou por posuír calidades excepcionais, non podan seguir o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe sen medidas de modificación esencial do currículo de referencia.

c) O seu deseño e desenvolvemento será responsabilidade do profesor ou profesora que imparte a área ou materia ao alumno/a, co asesoramento do responsable da orientación educativa do centro ou do Equipo de Orientación Específico e, se é o caso, de calquera outro profesional que participe na atención ao devandito alumno/a.

d) O seu desenvolvemento realizarase integrado, na medida do posible, nas accións educativas ordinarias do grupo de alumnos de referencia.

- Proceso de elaboración:

Para levar a cabo a adaptación curricular en calquera das áreas ou materias do currículo, os centros deberán realizar unha avaliación diagnóstica na que se recollerán datos relevantes sobre a situación socio-familiar do alumno ou alumna e sobre o seu proceso de aprendizaxe, aportados, tanto polo equipo educativo responsable do alumno ou alumna, como polo orientador do centro, o equipo psicopedagóxico de apoio ou calquera outro profesional que estea participando na atención ó devandito alumno.

Os centros deberán realizar unha reunión coordinada polo xefe de estudos á que asistirán o titor, os profesores que imparten as áreas ou materias que se consideran obxecto de adaptación curricular e os profesionais que participaron na avaliación diagnóstica. Nesta reunión decidirse a pertinencia da adaptación curricular, así como aqueles elementos do currículo que, se é o caso, deberán ser modificados.

Elaborarase a adaptación do currículo de referencia nas áreas ou materias acordadas, segundo o establecido na Orde.

Os datos obtidos na avaliación diagnóstica establecida no apartado 1 do presente artigo reflectiranse nun documento de adaptación curricular no que se que consignará, segundo o modelo do anexo I da orde, a información relativa a:

-Datos persoais do alumno ou da alumna.

- Datos físicos e de saúde.
- Datos psicosociais máis relevantes.
- Datos do contorno socio-familiar.
- Datos do contorno escolar.
- Datos pedagóxicos.
- Profesionais participantes.
- Solicitude e autorización.

O director ou directora do centro enviará a proposta de adaptación curricular ao correspondente servizo provincial de inspección, que emitirá un informe segundo o anexo II da orde.

- Rexistro:

A avaliación diagnóstica, o documento de adaptación curricular e o informe do servizo da inspección educativa formarán parte do expediente do alumno ou da alumna e terán carácter confidencial.

A adaptación curricular reflectirase como AC (adaptación curricular) no expediente académico do alumno ou alumna, no informe aos pais ou responsables legais e no historial académico.

- Revisión:

As adaptacións curriculares revisaranse periodicamente, polo menos unha vez ao remate de cada curso. As posibles modificacións só requirirán unha nova autorización no caso de que se produzan en referencia aos obxectivos e aos criterios de avaliación do ciclo ou curso sobre o que se elaborara a adaptación.

- Promoción:

Ao finalizar o ciclo para o que se realizara unha adaptación curricular, o titor ou titora, xunto co profesorado que impartirá as áreas ou materias obxecto de adaptación, oídos os pais ou responsables legais do alumno, determinarán a pertinencia da promoción de ciclo, a necesidade dalgunha adaptación curricular no curso seguinte e, de ser o caso, as liñas xerais da mesma.

Cando un alumno ou alumna permaneza un ano máis nun ciclo, segundo o establecido para o efecto para as diversas etapas, deberá seguir medidas de reforzo ou adaptacións curriculares, de xeito que en ningún caso se reproduzan as condicións educativas que presumiblemente provocaron os desaxustes detectados no alumno.

Ademais, no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, indícase en referencia ás adaptacións curriculares que as adaptacións curriculares do alumnado con n.e.e. estarán precedidas dunha avaliación das súas necesidades educativas especiais e da conseguinte proposta curricular específica, realizaranse buscando o máximo desenvolvemento das competencias básicas de acordo coas posibilidades do alumno ou alumna. A avaliación e a promoción tomarán como referencia os obxectivos e criterios de avaliación fixados nas distintas adaptacións .

b) Os agrupamentos flexibles.

Estes agrupamentos flexibles constitúen unha medida organizativa para tratar de dar resposta a diferentes ritmos de aprendizaxe e á diversidade de intereses e características de cada alumno/a.

Consisten en flexibilizar a organización das aulas formando grupos reducidos de alumnos en cada clase, curso ou nivel, segundo un criterio de capacidades ou intereses.

Esta organización farase nas materias instrumentais (lingua e matemáticas) e o seu obxectivo é conseguir, por unha banda dar apoio individualizado a aqueles estudantes que teñen un desfase curricular con respecto aos seus compañeiros/as e, por outro, evitar o freo que supón para o alumnado máis avanzado nestas materias, traballar unha estrutura ríxida.

Como se deben facer as agrupacións flexibles?

- Trátase dunha medida que debe sumarse a outras medidas ordinarias como: grupos de apoio, reforzo titorial, talleres .

- Temporalidade: non se trata de grupos permanentes. Un alumno ou alumna pode cambiar de grupo se cambian as súas capacidades, coñecementos ou intereses. A súa solicitude poderá realizarse en calquera momento do curso.

- Deben incentivar ao alumnado que ten máis dificultades na aprendizaxe ou que ten un desfase curricular, e ao mesmo tempo potenciar as habilidades dos máis avantaxados.

- Deben ir acompañados dun seguimento individualizado de cada neno/a.

- Estes agrupamentos serán levados a cabo polo propio profesorado do centro, polo que será necesario favorecer a coordinación e o traballo en equipo do profesorado.

- Esta medida, para ser levada a cabo, terá que contar coa autorización da Inspección Educativa e da familia do alumnado en cuestión.

c) O apoio por parte do especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

É o apoio temporal dun profesor especialista en Audición e Linguaxe e/ou en Pedagogía Terapéutica dentro ou fóra da aula ordinaria que ten como destinatarios alumn@s con necesidade específica de apoio educativo.

Para que se produza este tipo de atención, que seguirá os criterios de utilización establecidos neste plan, será necesario que así o aconselle o informe ou a avaliación psicopedagóxica realizada pola orientadora.

O procedemento para a demanda de intervención, realización de informe ou de avaliación psicopedagóxica por parte do servizo de orientación é o seguinte:

- Comunicado do titor ou titora (ou mestre/a que traballa co alumno/a) ao departamento de orientación do centro e á dirección, da necesidade de que o departamento de orientación realice dita avaliación psicopedagóxica.

- Entrevista previa do titor/a co pai/nai ou titor legal do alumno/a. Debendo cubrir o pai ou a nai o impreso de autorización da avaliación psicopedagóxica.

- Cumprimentar por parte do titor ou titora, a folla de datos (cuestionario previo) aportada pola xefa do Departamento de Orientación.

- Proceso de avaliación psicopedagóxica e informe de atención ás n.e.a.e. Realizando o correspondente informe psicopedagóxico, que permanecerá no D.O. e entregando unha copia o titor/a para incluílo no expediente do alumno/a.

Ao remate do curso, tanto o profesor de Pedagogía Terapéutica como o de Audición e Linguaxe deberán elaborar un informe relativo ao apoio realizado. A tal fin, o Departamento de Orientación aportará un modelo.

d) A flexibilización da duración do período de escolarización.

d.1. Permanencia da escolarización obrigatoria un ano máis (Orde do 27 de decembro do 2002)

- Esta medida é empregada para alumnado con n.e.a.e. asociadas a necesidades de educación especiais ou de incorporación tardía ao sistema educativo.

- Consiste na permanencia un ano máis na Ed. Inf. e/ou un ano máis na Ed. Primaria, para alumnado con n.e.a.e. coa finalidade de facilitar a adquisición dos obxectivos dun nivel ou etapa.

- Só se poderá solicitar cando o/a alumno/a xa esgotara o tempo máximo de permanencia nesa etapa educativa: en Ed. Infantil ata os 7 anos, e en Ed. Primaria ata o ano natural en que cumpre os 15 anos.

- Se o/a alumno/a en cuestión, non flexibilizou na etapa infantil, poderá flexibilizar 2 anos na etapa de primaria. Para solicitar esta flexibilización, na etapa primaria, o neno ten que ter repetido cando menos un curso.

- Requisitos para a flexibilización de idade:

- Informe do D.O. favorable á medida.
- Autorización expresa da familia.
- Proposta de A.C.S. (Orde do 6 de outubro do 1996).
- Autorizacións de: Dirección, Inspección e Xefatura Territorial.

- O prazo para presentar a solicitude desta medida é o mes de abril.

d.2. Redución da escolarización obrigatoria nun ano (Orde do 28 de outubro do 1996).

- Esta medida é empregada para alumnado con n.e.a.e. asociadas a altas capacidades, e ten como finalidade o desenvolvemento pleno e equilibrado das capacidades do alumnado dende un contexto escolar o máis normalizado posible.

- Considérase flexibilización do período de escolarización tanto a anticipación do inicio da escolarización obrigatoria (polo que se comezaría un ano antes a ensinanza primaria) como a redución dun ano a duración do ensino básico.

- Requisitos para a flexibilización de idade:

- Informe do D.O. favorable á medida.
- Autorización expresa da familia.
- Proposta de A.C.S. por ampliación (Orde do 6 de outubro do 1996).
- Autorizacións de: Dirección, Inspección e Xefatura Territorial.

O prazo para presentar a solicitude desta medida é o mes de abril.

e) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.

Dirixida ao alumnado que por prescrición facultativa, debido a enfermidade ou lesión, non poda asistir con regularidade ao centro por un período prolongado de tempo (hospitalización de máis de 15 días, convalecencia no domicilio por un período de tempo superior a un mes e/ou alumnado que padeza algunha enfermidade crónica que sexa a causa de faltas de asistencia ao centro de seis ou máis días continuados ao mes dentro dun período mínimo de seis meses).

f) Grupos de adquisición de linguas (Orde do 20 de Febreiro do 2004)

Dirixidos a aqueles alumnos e alumnas estranxeiros, que cumpran algún destes requisitos:

- descoñecemento das dúas linguas
- desfase curricular de dous ou máis cursos
- Ter problemas graves de adaptación ao medio escolar.

O tempo de permanencia neste grupo será variable; nun principio será dun trimestre, pero se poderá solicitar unha prórroga para un trimestre máis. Comezarase con 5 anos (6º Ed.Inf.), e o tempo máximo dedicado a este grupo será de 5 períodos semanais en Infantil, 10 períodos semanais en 1º ciclo de Ed. Primaria, e 20 períodos semanais para 2º e 3º ciclo de Ed. Primaria.

Os alumnos que se incorporen a estes grupos, deberán permanecer na súa aula nas materias artística e en Educación Física que é nas materias nas que mellor se pode facilitar a integración do alumno ou alumna.

Os mestres encargados destes grupos serán mestres/as do centro con maior disposición horaria (ou voluntarios) atendendo ás indicacións do departamento de orientación do centro.

O titor ou titora da aula na que se atopan estes/as alumnos/as poderá apoiarse na figura do alumno/a-titor/a, quen terá a responsabilidade de axudar a estes alumnos/as a integrarse, a comunicarseAs actuacións que se poden levar a cabo con este alumnos/as, recóllese no Plan de Acollida do centro.

g)Grupos de adaptación da competencia curricular.

Dirixidos aos alumnos e alumnas estranxeiros ou de incorporación tardía ao sistema educativo español, de 2º e 3º ciclo de Ed. Primaria, cun desfase curricular de 2 ou máis cursos. A permanencia neste grupo será dun trimestre, agás que se solicite e autorice para máis tempo.

O tempo semanal dedicado a este grupo será de 8 períodos semanais, no que recibirán apoio e reforzo nas áreas nas que presentan o desfase curricular.

Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa e da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.

5.2. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.

5.2.1. Procedemento a seguir para solicitar a intervención do Departamento de Orientación:

Unha vez que o titor/a ou outro especialista detectan a necesidade de axudar ao alumno deberá poñelo en coñecemento do Departamento de Orientación e se procederá desta forma:

- 1.- Solicitud de intervención. (profesor).
- 2.- Ficha de observación do profesor.
- 3.-Recollida de información a través dunha entrevista familiar. Se, á vista dos resultados da proba de avaliación inicial, é preciso pasar unha proba específica, os pais deberán deixar firmada a autorización. (profesor).
- 4.- Actividades de reforzo (A realizar polo profesor).
- 5.- Aplicación dunha proba específica, se o reforzo é insuficiente.
- 6.- Informe. (orientadora).
- 7.- Folla de necesidade de apoio: Axuda individualizada. (orientadora).

5.2.2. Promoción de alumnos/as:

- 1.- Decídese ao finalizar o ciclo ou curso para o que se establecese a A.C.S.

- 2.- A decisión tómaa o titor/a, según os criterios recollidos en CCP e aprobados en claustro para o centro (criterios actualizados no curso 2018-2019)
- 3.- Os pais teñen que saber se o neno promociona ou non.
- 4.- Se se prevé que o neno necesita A.C.S. no curso seguinte, deberá saberse antes de rematar o curso e quedar reflexado na correspondente acta de avaliación esa posibilidade.
- 5.- De necesitar A.C.S. o curso seguinte, deberán quedar fixadas a liñas xerais da mesma a ser posible.
- 6.- Se un alumno permanece un ano mais nun curso debe ter imprescindiblemente reforzo ou A.C.S.

6. DETERMINACIÓN E CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E APLICACIÓN DE MEDIDAS PROPOSTAS.

6.1. CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS DE APOIO.

6.1.1. Avaliación inicial.

Pártese da información obtida na avaliación final do curso anterior. Revísanse os casos propostos: expediente, historial académico, informes...

É fundamental a avaliación da competencia curricular e a análise de necesidades de cada alumno proposto para recibir medidas de apoio. Compételle ao titor ou titora, que pode contar coa colaboración da especialista de pedagogía terapéutica (PT) e outros mestres que desempeñen tarefas de apoio e, mesmo, do Departamento de Orientación.

O titor/a ou, no seu caso, o profesor/a da área ha de valorar se un alumno/a debe ser obxecto de medidas organizativas ou curriculares distintas das que lle poda proporcionar no marco da aula ordinaria. De non poder dar unha resposta educativa axeitada, debe dirixirse ao departamento de orientación, que realizará as actuacións pertinentes para unha axeitada avaliación de cada caso.

6.1.2. Criterios prioritarios.

Unha vez definida a relación de alumnos propostos, é función do xefe do departamento de orientación coordinar, en colaboración coas mestras de apoio, a proposta de organización deste alumnado. Teranse en conta unha serie de factores como son:

- Necesidades dos alumnos/as

- Disponibilidade horaria do profesorado de apoio
- Modalidade de apoio: individual (na aula ordinaria ou fóra), compartido (dentro da súa aula ou fóra), posibilidade de agrupamentos homoxéneos segundo o nivel... .

Os criterios establecidos son os seguintes:

A prioridade das intervencións diríxese ás *áreas instrumentais* na educación primaria.

Na etapa de educación infantil, as actuacións diríxense, en principio, á prevención, con programas grupais como o de estimulación da fala, impartido pola especialista de audición e linguaxe, sempre que o centro conte cunha especialista. Os apoios individuais, no caso de ser necesarios, deberán deseñarse sempre trala valoración do responsable da orientación.

Na Educación Primaria, a mestra de Pedagogía Terapéutica atenderá, por esta orde de prioridade:

- Atenderase a aquel alumnado que así o aconselle a correspondente avaliación psicopedagóxica realizada pola xefa do Departamento de Orientación.
- Atenderase ao alumnado obxecto dunha Adaptación Curricular Significativa.
- Continuarase cos apoios realizados no curso anterior, priorizando do 1º, 3º, 5º nivel de Educación Primaria .
- En educación infantil recibirán apoio aqueles alumnos/as que así o aconselle o correspondente Informe Psicopedagóxico, debendo respectar os principios de atención temperá.
- Atenderase primeiro aos apoios educativos que repiten curso que aos que non.
- O apoio poderá realizarse dentro ou fóra da aula, en función das n.e.a.e. dos mesmos. Nun principio os apoios deberán realizarse dentro da aula ordinaria; nos casos que necesiten unha terapia individual moi específica recibirán apoio fóra da aula ordinaria.
- Os horarios dos apoios estableceranse tratando de respectar a permanencia dos alumnos/as na aula ordinaria nas horas lectivas dedicadas ás especialidades.
- Cando polas necesidades do centro se conte con especialista de audición e linguaxe (AL), esta atenderá en primeiro lugar os casos de alteracións ou dificultades da fala, previamente valorados pola persoa responsable da

orientación. No caso de dispoñer de horas, a prioridade viría dada polas dificultades e atrasos específicos da linguaxe.

Cómpre recordar que todo o profesorado debe contemplar a atención á diversidade nas súas programacións de aula, independentemente de que os alumnos afectados sexan atendidos por especialistas ou non.

6.1.3. Información ás familias.

Unha vez deseñado e elaborado o programa ou plan de intervención, o departamento de orientación, a xefatura de estudos e os titores e titoras, deben promover a convocatoria individual das familias dos alumnos/as para darlles conta das medidas adoptadas, da finalidade das mesmas e da metodoloxía de traballo que se vai seguir, incidindo no papel que como pais ou titores legais lles corresponde asumir en colaboración coa escola. Trátase, en último caso, de establecer un compromiso por parte de todos.

A estas reunións asistirían a persoa titora, os especialistas afectados e o orientador, sen prexuízo de calquera outra reunión ou entrevista que o titor considere conveniente no exercicio das súas atribucións.

6.1.4. Coordinación, seguimento e avaliación.

Para conseguir que este traballo planificado sexa unha tarefa común e coherente cos obxectivos previstos, parece conveniente facilitar periodicamente reunións entre os profesionais que interveñen, para avaliar o grao de eficacia das medidas desenvolvidas, ademais do intercambio de información e de experiencias, na procura de introducir as modificacións que se consideren pertinentes, debido ao carácter reversible que teñen estas medidas.

A avaliación continua implica non só verificar o nivel de adquisición de obxectivos; é o propio proceso (organización, medidas, metodoloxía) o que ten que ser sometido a reflexión e análise.

O seguimento atinxe tamén ás familias, polo que se recomenda, como mínimo, unha reunión trimestral.

6.2. CRITERIOS PARA A TOMA DE DECISIÓN DE PROMOCIÓN DE NIVEL OU ETAPA.

Á hora de decidir sobre a promoción/non promoción dun alumno ou alumna ao curso seguinte teranse en conta o lexislado respecto da avaliación en Infantil e en Primaria así coma os criterios de promoción aprobados polo claustro do profesorado (actualizados no curso 18-19), criterios que se concretan en:

6.2.1. Educación infantil.

Promocionará todo o alumnado, podendo contemplarse, o establecido no Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na nosa Comunidade Autónoma e o establecido na Orde do 25 de xuño de 2009 que regula a avaliación do segundo ciclo da educación infantil.

En todo caso, atenderase tamén ao establecido no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, de atención á diversidade e na Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con n.e.a.e.

Segundo esta Orde, en Educación infantil poderase aumentar excepcionalmente nun ano respecto do disposto con carácter xeral. En ningún caso será posible permanecer nesta etapa máis alá do ano natural no que se cumpran os sete de idade.

6.2.2. Educación primaria.

Segundo o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia a decisión de promoción de nivel será adoptada polo equipo de profesores e profesoras que imparten docencia ao grupo de alumnos e alumnas do nivel , e deberá ter en especial consideración a información e o criterio do titor ou titora.

Promoción:

- O alumnado acadará a promoción ao nivel e/ou etapa educativa seguinte sempre que alcanzase o desenvolvemento correspondente das competencias básicas e un axeitado grao de madurez.

- Accederase tamén ao seguinte nivel ou etapa cando as aprendizaxes non alcanzadas non sexan un obstáculo para seguir satisfactoriamente o novo nivel ou etapa. Neste caso, o centro educativo adoptará as medidas precisas para que o alumnado reciba os reforzos e apoios necesarios para a recuperación das ditas aprendizaxes.

- A repetición basearase nos seguintes criterios:

- Non acadar o desenvolvemento axeitado das competencias básicas nin un axeitado grao de madurez consonte á súa idade.
- Amosar dificultades importantes nas áreas instrumentais básicas: cálculo, lectura e escritura.
- Que o alumno recibira previamente RE.
- Determinar se quedando un ano máis no nivel poderá acadar os obxectivos.
- A decisión de que un alumno repita curso tomarase consensuadamente entre o/a titor/a, o profesorado que imparta docencia ao alumno/a e coa e a/o xefa/e do departamento de orientación, oídos o pai/nai/titor legais e seguindo os criterios aprobados en claustro o 28 xuño 2019. Informarase á familia da decisión tomada con suficiente antelación.
- A escolarización de alumnos/as con n.e.a.e. na educación primaria en centros ordinarios poderá prolongarse un ano máis, sempre que se favoreza a súa integración socioeducativa.

Ademais segundo o establecido na Orde do 27 de decembro de 2002 poderase aumentar excepcionalmente nun ano con respecto do disposto con carácter xeral. No caso de non ter permanecido un ano máis na educación infantil será posible aumentar un segundo ano con carácter excepcional. En calquera caso, non se poderá continuar na educación primaria máis alá do ano natural no que se cumpran os quince anos de idade.

6.3. DOTACIÓN DE RECURSOS E ACTUACIÓNS.

6.3.1. No ámbito escolar.

A atención á diversidade, en especial ao alumnado con N.E.A.E. deberá contar cunha dotación adecuada de material e de profesorado especialista (PT e A.L). En consecuencia, cando do alumnado con discapacidades se trata, os informes psicopedagóxicos deben indicar que tipo de material específico e que profesorado especialista se require, para ofrecer a eses alumnos e alumnas unha atención de calidade.

En canto ao profesorado especialista o centro conta cunha especialista en Pedagogía Terapéutica con praza definitiva e cunha xefa do departamento de orientación itinerante e unha especialista en Audición e Linguaxe itinerante.

6.3.2. No ámbito infraestructural.

A escolarización de alumnos e alumnas con n.e.a.e. requirirá que o centro adecúe os seus servizos ás necesidades que estes ou estas presenten. De aí que a supresión de barreiras, a ubicación nunha determinada aula, a adaptación dos baños, o servizo de transporte, o comedor escolar, os accesos ao pavillón escolar, etc. deberán considerar as circunstancias específicas dos nenos e nenas con n.e.a.e.. Todo o cal debe quedar claramente determinado nos informes de escolarización e/ou atención, tal e como establece a Lei 8/1997, 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na comunidade autónoma galega e no Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS.

Levaranse a cabo os principios metodolóxicos básicos que atenden á diversidade como son a globalidade, a individualización, aprendizaxe significativa, funcionalidade, a transversalidade e o construtivismo; tendo en conta outras estratexias máis concretas como:

- Partir do nivel de coñecementos dos alumnos/as, para poder establecer relacións entre os coñecementos xa adquiridos e as novas aprendizaxes, aproveitando o ensino incidental.
- Buscar a participación do alumno/a no proceso de ensino/aprendizaxe.
- Fomentar a relación entre iguais a través de técnicas de traballo cooperativo, así como a elaboración de pequenos proxectos de traballo e agrupamentos (grande e pequeno grupo, parellas...).
- Estratexias baseadas na redundancia, a sobregraduación e o sobreaprendizaxe para favorecer a consecución dos obxectivos, facendo chegar a información por distintas canles sensoriais.
- Fomentar un sistema de aprendizaxe sen erro, secuenciando os obxectivos en pequenos pasos e otorgando as axudas necesarias para que o neno finalice con éxito as tarefas que se lle presentan. Sen esquecer, a “metodoloxía por entornos” de

cara a fomentar a independencia e autonomía dos alumnos/as na aula e a adquisición de habilidades básicas para o seu desenvolvemento integral.

Para acceder ás diferentes aprendizaxes propóranse actividades de **carácter lúdico** (dinámicas de grupos, role-playing, dramatizacións, xogos educativos...) e **manipulativo** que propicien e aumenten a motivación cara á aprendizaxe.

8. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS/AS DISTINTOS/AS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO.

Á hora de falar da atención educativa a alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo é imprescindible falar da existencia dunha estreita colaboración entre todos os profesionais que tratan de darlle a resposta educativa máis axeitada.

Para que esta colaboración sexa efectiva é preciso coñecer e recalcar cales son as funcións de cada un. Se as observamos detidamente dámonos conta de que se solapan entre elas, e que todas precisan dunha coordinación específica para ser levadas a cabo.

A continuación pasamos a detallar a modo de resumo, as funcións dos profesionais implicados na resposta educativa a alumnos/as con neae.

8.1. FUNCIÓNS DO/A MESTRE/A TITOR/A EN RELACIÓN A ALUMNOS CON NECESIDADE EDUCATIVA DE APOIO ESPECÍFICO (Decreto 376/1996, do 17 de outubro).

Participar no desenvolvemento dos PAT e nas actividades de orientación.

- Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno/a.
 - Levar a cabo a avaliación inicial do alumnado que ten asignado.
 - Detectar NEAE.
 - Efectuar un seguimento global dos procesos de ensinanza –aprendizaxe do alumnado para detectar ANEAE, co obxecto de buscar as respostas educativas máis axeitadas.
- Diseñar e pór en práctica as medidas de reforzo educativo para estes alumnos.

- Elaborar, en coordinación coa PT, Orientadora e demais profesores de área as Adaptación Curriculares que se consideren oportunas e que estean debidamente xustificadas.

- Levar a cabo o seguimento de ditas AC en coordinación co resto de profesionais que atenden o alumno/a.

- Elaborar e adaptar o material preciso.

- Avaliar e decidir sobre a promoción ou non promoción do alumnado, en estreita colaboración coa PT, especialistas, orientadora...

- Controlar as faltas de puntualidade, de asistencia e de conduta do alumnado.

- Establecer reunións periódicas cos pais/nais para informalos sobre o proceso de Ensino-aprendizaxe dos seus fillos/as.

8.2. FUNCÍONS DA MESTRA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA EN RELACIÓN A ALUMNOS CON NECESIDADE EDUCATIVA DE APOIO EDUCATIVO (Decreto 376/1996, do 17 de outubro).

- Atención directa e/ou indirecta os alumnos con NEAE.

- Colaborar e coordinarse co Departamento de Orientación do que forma parte.

- Coordinar, en colaboración coa Dirección do centro, as cuestións relacionadas coa educación e a estancia no centro como apoio á atención ós ANEAE.

- Colaborar coa comisión de coordinación pedagóxica na elaboración do plan de actuación respecto ó ANEAE.

- Orientar o profesorado que imparta docencia ós ANEAE, así como a eles mesmos e ós pais sobre cuestións de interese para o seu desenvolvemento.

- Asesorar ao resto do profesorado no manexo de Novas tecnoloxías e Axudas Técnicas precisas.

- Colaborar na detección de ANEAE

- Colaborar co profesor titor e co resto do profesorado na elaboración de Adaptacións Curriculares e no seguimento e avaliación das mesmas.

- Elaborar e adaptar materiais ás necesidades de cada alumno/a.

8.3. FUNCIONES DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN (Decreto 120/1998, do 23 de abril).

- Valorar as necesidades educativas, no ámbito da orientación, dos alumnos/as e deseñar e avaliar programas específicos de intervención.
- Elaborar as propostas para o Plan de Orientación Educativa (POE) e do PAT, incidindo no desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado e ofrecerlle ao profesorado soporte técnico para o desenvolvemento deste plan.
- Participar na elaboración, seguimento e avaliación do Proxecto Educativo, incidindo en criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención á diversidade.
- Deseñar actuacións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou aprendizaxe.
- Participar na avaliación psicopedagóxica e no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.
- Facilitar á comunidade educativa os apoios e asesoramento oportunos.
- Impulsar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa.
- Cooperar cos membros do EOE no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de intervención.
- Promover a cooperación entre o centro e as familias.
- Establecer canles de comunicación cos diferentes servizos externos á escola: IES adscrito, EOE, Servizos Sociais, Servizo de Saúde Mental...

9. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS E EXTERNOS AO CENTRO.

Unha vez establecidas medidas organizativas e curriculares para determinados alumnos/as e concretadas no correspondente programa de reforzo ou adaptación curricular, resulta fundamental coordinar debidamente o desenvolvemento das mesmas así como intercambiar información e experiencias, co fin de avaliar e dotar de coherencia ao proceso e deste xeito poder fundamentar calquera decisión que se tome ao respecto. Debe constituír unha responsabilidade conxunta e non un conxunto de actuacións e decisións independentes e descontextualizadas.

Entre os distintos mecanismos de colaboración e coordinación, internos e externos ao centro contamos cos seguintes:

▶ Coordinación entre mestres titores, mestres de área, PTs, e orientadora.

- Reunións semanais no Departamento de Orientación.

- Reunións do Orientador cos titores/as.

- Reunións de nivel.

- CCP

- Reunións de claustro.

▶ Coordinación coas familias:

- Mediante reunións periódicas co mestre titor.

- Reunións coa orientadora.

- Informes escritos.

- Chamadas telefónicas.

- A través da dirección do centro.

- Notas nos cadernos e/ou axendas dos alumnos e alumnas.

▶ Coordinación co DO do IESs:

- Reunións trimestrais.

- Conversas telefónicas.

- Coordinar actividades conxuntas CEIPs e IESs.

▶ Coordinación cos servizos externos á escola:

- EOE: a través do DO e / ou do director do centro:

° A orientadora / director demanda por escrito os servizos do EOE a través dun informe escrito que deberá remitir ao servizo de inspección correspondente.

° Información por vía telefónica para asesoramento de probas, estratexias, recursos metodolóxicos, materiais...

- Unidade de Saúde Mental, Servizos Sociais,...

° Mediante chamadas telefónicas.

° Mediante envío de informes sobre a situación escolar do neno.

10 . CANLES DE COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS.

10.1. COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS.

Todas as familias do alumnado que presente algunha característica descrita neste plan de Atención á Diversidade recibirán información e asesoramento que lles axuden no seu labor educativo, así como tamén a pretensión de facilitar a comunicación co profesorado e potenciar a participación na vida do centro.

O Centro debe facilitar a comunicación, colaboración e coordinación coas familias do alumnado. E para iso realizaremos as seguintes propostas:

- Reunión dos titores coas familias do alumnado do seu curso antes do 30 de novembro para informarlles sobre os seguintes aspectos: funcionamento e organización da aula e do centro, necesidade de materiais, programación xeral do curso, procedementos e criterios de avaliación, horarios, profesorado, funcionamento dos diversos planes e proxectos educativos cos que conta o centro, funcionamento da ANPA, procedementos de comunicación a utilizar entre o centro e as familias, dereitos e deberes do alumnado e das familias no cumprimento das súas respectivas responsabilidades.
- Fixar anualmente no plan xeral anual o día da semana e hora de titoría coas familias.
- Fixar un horario semanal de atención ás familias por parte do equipo directivo do centro dentro das súas respectivas funcións.
- Informaremos ás familias dos resultados e do proceso de ensinanza-aprendizaxe, mantendo as reunións que se consideren oportunas.
- Celebrar entrevistas periodicamente coas familias do alumnado que presente un baixo rendemento ou problemas de comportamento, co fin de palialos dentro do posible.
- Facer partícipes ás familias dos traballos escolares significativos que vaian realizando e dos resultados obtidos para a súa supervisión e seguimento.
- Favorecer a participación dos pais na vida do centro, facilitándolles información dos diversos temas, así coma os medios e o asesoramento preciso para unha execución máis eficaz das súas competencias.
- Comunicar ás familias as normas recollidas no RRI, así como aos novos alumnos.
- Orientar ás familias sobre a adquisición de determinados hábitos que permitan unha mellora na formación, socialización e desenvolvemento da autonomía persoal do alumnado: hábitos de traballo, hábitos lectores, hábitos de saúde e hixiene, hábitos de respecto e coidado do medio ambiente,...

- l) Posibilidade de utilizar a Axenda Escolar como vehículo de Información Titorial que sirva de enlace e comunicación entre o centro e a familia.
- m) Dar a coñecer á comunidade, a través dos medios dispoñibles no centro, os diferentes elementos que conforman o Proxecto Educativo do centro así como os diferentes servizos que se prestan no mesmo, co fin de facilitar o coñecemento do labor educativo e formativo que neste se desenvolve.

10.2. COORDINACIÓNS EXTERNAS.

O DO promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá, asesoramento ao DO e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuacións e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas. Entre os servizos externos destacar os Equipos de Orientación Específicos, que son un servizo de orientación externo aos centros educativos. Este servizo ten unha composición profesional que pretende dar resposta ás necesidades de intervención externa ligadas a aspectos psicopedagóxicos específicos e a cuestións sociais ou mesmo familiares que teñen incidencia no ámbito educativo. (D.120/98).

Entre as súas **funcións** están:

- a) Colaborar, como técnicos educativos, nas diferentes actuacións encamiñadas á prevención e atención temperá que lle faciliten ao alumnado o seu desenvolvemento evolutivo.
- b) Asesorar e apoiar aos departamentos de orientación mediante a elaboración de pautas de intervención, a intervención directa, o seguimento das accións iniciadas e calquera outra acción ou prestación de recursos que se precise.
- c) Desenvolver programas de investigación, elaboración, recompilación e difusión de recursos para darlles resposta ás necesidades específicas do alumnado.
- d) Asesorar aos departamentos de orientación na atención á diversidade persoal e sociocultural do alumnado, colaborando na aplicación de medidas educativas axeitadas.
- e) Colaborar cos departamentos de orientación na avaliación psicopedagóxica do alumnado, cando sexa necesaria a intervención dun profesional externo ao centro, e participar, se é o caso, no ditame de escolarización.

- f) Contribuír á formación especializada das persoas integrantes dos departamentos de orientación e do profesorado no ámbito das necesidades educativas específicas que atenden.
- g) Colaborar con outros servizos ou institucións que desenvolvan actividades no campo educativo, laboral, social, da saúde e noutros ámbitos da súa competencia.
- h) Cooperar cos departamentos de orientación no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de intervención relativos á orientación profesional, á modificación de conduta, á saúde, etc, ou de programas integrados.
- i) Colaborar no deseño, desenvolvemento e avaliación de actividades ou en programas formativos de orientación educativa e sociofamiliar, así como asesorar e colaborar coas familias sobre o tipo de intervención que deben seguir cos seus fillos/as.
- j) Calquera outra que se puidese encomendar no ámbito das nosas funcións.

As intervencións das persoas especialistas do Equipo de Orientación Específico nun determinado centro educativo poden seguir tres liñas básicas de actuación:

- ➔ Como desenvolvemento ou execución do establecido no plan anual (tanto na parte xeral como na referida a cada especialidade), elaborado ao inicio do curso escolar.
- ➔ En resposta ás demandas concretas da comunidade educativa, seguindo o procedemento previsto no punto 2 do artigo 24º da Orde do 24 de xullo de 1998, que sinala o seguinte: “Por motivos debidamente xustificadas, a intervención das persoas integrantes dos equipos de orientación específicos nun determinado centro poderá producirse por requirimento do/a xefe/a do departamento de orientación, do/a director/a do centro (xuntando o informe do/a xefe/a do departamento de orientación), co visto e prace do/a inspector/a de zona, ou por proposta deste/a último/a. Estas intervencións organizaranse en función das prioridades establecidas no plan anual dos ditos equipos”.
- ➔ Por requirimento da Administración Educativa, canalizado a través do/da Inspector/a.

11. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.

A avaliación deste Plan realizarase a finais de curso por parte do Departamento de Orientación, o cal realizará unha memoria-avaliación da implementación do Plan e das modificacións introducidas. Ao mesmo tempo, emitirase un informe coas suxestións a considerar no curso seguinte:

- Datos dos diferentes niveis aportados polos coordinadores/as de ciclo.
- Datos aportados polo profesorado de apoio (PT e de ser o caso de AL), polo profesorado responsable dos - reforzos educativos e polos responsables dos distintos apoios.
- Datos aportados polo equipo directivo.
- Datos aportados pola propia orientadora.

Os axentes implicados nesta avaliación son tamén os mesmos alumnos/as, os titores/as a través das reunións de coordinación de cada nivel e das do Departamento de Orientación e das reunións dos equipos diversos, con especial consideración as da Comisión de Coordinación Pedagóxica, e o Equipo Directivo.

Como procedemento de avaliación farase emprego de cuestionarios confeccionados para tal fin. Coa información avaliarase a efectividade do plan, e decidiranse as posibles modificacións do mesmo.

11.1. AVALIACIÓN DO PLAN

O Plan de Atención a Diversidade estará suxeito a un proceso continuo de seguimento e avaliación de tal forma que, anualmente, se establezan as modificacións e áreas de mellora pertinentes para axustar a resposta educativa ás necesidades do propio centro e do alumnado nel escolarizado. Rexistrarse na avaliación final de PXA e na Memoria Anual.

O presente Plan será revisado nas seguintes ocasións:

- ◆ Como norma xeral o plan será revisado ao remate de cada curso escolar.
- ◆ Sempre e cando se incorporen novos alumnos/as con Necesidade Específica de Apoio Educativo que aconsellen cambios organizativos ou curriculares.
- ◆ Cando se incorpore persoal de apoio novo, como por exemplo especialista en audición e linguaxe.
- ◆ Cando os resultados non sexan os esperados e haxa que marcar novos obxectivos.

- ◆ Cando se publique e entre en vigor nova normativa ao respecto.

Á hora de avaliar o Plan de Atención á Diversidade teremos en conta unha serie de indicadores que parten dos obxectivos propostos en dito documento:

- Grao de consecución dos obxectivos propostos.
- Valoración por parte do profesorado da idoneidade do plan.
- Valoración dos recursos empregados e novas necesidades.
- Nivel de cumprimento das medidas propostas.
- Nivel e grao de adecuación das canles de coordinación establecidas.

11.2. INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN

Como procedemento de avaliación farase emprego de cuestionarios confeccionados para tal fin. Coa información avaliarase a efectividade do plan, e decidiranse as posibles modificacións do mesmo.

A avaliación deste plan realizarase a finais de curso por parte do Departamento de Orientación e utilizarase o cuestionario que figura no **anexo III** e que cumprimentarán os equipos de nivel. Os axentes implicados nesta avaliación son tamén os mesmos alumnos/as, os titores/as a través das reunións de coordinación de cada nivel e das do Departamento de Orientación e das reunións dos equipos diversos, con especial consideración as da Comisión de Coordinación Pedagóxica, e o Equipo Directivo.

11.3. PROPOSTAS DE MELLORA DO PLAN.

Unha vez realizada a avaliación do plan e tendo en conta os aspectos positivos e os aspectos negativos, levaranse a cabo unhas propostas de mellora para o próximo curso, coa finalidade de mellorar a calidade do mesmo.